

A INMIGRACIÓN NA CIDADE DA CORUÑA. INTEGRACIÓN VS.  
SEGREGACIÓN RESIDENCIAL

UNHA ANÁLISE DOS ÍNDICES DE SEGREGACIÓN E CONDICIÓNS DE  
HABITABILIDADE

XAQUÍN S. PÉREZ-SINDÍN LÓPEZ

CARMEN LAMELA VIERA

TITOR

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO GLOBALIZACIÓN E  
SOCIEDADE

A CORUÑA

6 de Setembro de 2011

Traballo de investigación como requisito para a obtención do Diploma de Estudos  
Avanzados (DEA)

## **Resumo**

Este traballo de investigación ten como obxectivo estudar e caracterizar as pautas residenciais da poboación estranxeira na cidade da Coruña. A análise microescalar pon de manifesto que os índices de segregación son relativamente baixos e as condicións residenciais peores ca dos españois. Os resultados veñen a confirmar un modelo de inserción da inmigración similar á de outras cidades españolas e do sur de Europa. Pola contra, a heteroxeneidade de situación é ampla segundo a nacionalidade, feito que indica diversas pautas territoriais de inserción na cidade.

**Palabras chave:** inmigración, A Coruña, segregación residencial, segregación espacial,

## **Abstract**

This research aims to study and characterize the residential pattern of foreign population in the city of A Coruña. The micro-scale analysis acknowledge relatively low segregation index and low living conditions in comparison with non foreigner population. Results confirm a immigrants integration model comparable to other southern Spanish southern European cities. On the contrary, the index vary according to different nationalities what informs about different patterns of insertion in the city.

**Keywords:** immigration, residential segregation, socio-spatial segregation

## Índice

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>69</b>
<b>2. CONCEPTO DE POBOACIÓN INMIGRANTE ESTRANXEIRA</b> .....	<b>71</b>
<b>3. ACHEGAMENTO AO CONCEPTO DE SEGREGACIÓN ESPACIAL</b> .....	<b>73</b>
3.1 DELIMITACIÓN DO CONCEPTO .....	73
3.2 CAUSAS DA SEGREGACIÓN ESPACIAL .....	74
3.3 EFECTOS DA SEGREGACIÓN ESPACIAL .....	75
3.4 O ESTUDO DA SEGREGACIÓN RESIDENCIAL .....	77
<b>4. FONTE E METODOLOXÍA</b> .....	<b>82</b>
<b>5. SEGREGACIÓN RESIDENCIAL DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA NA CORUÑA</b> .....	<b>86</b>
5.1 CIFRAS DE POBOACIÓN INMIGRANTE DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA .....	86
5.2 A DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA SEGUNDO BARRIOS DA CORUÑA <sup>90</sup>	
5.3 DISTRIBUCIÓN SEGUNDO AGREGADO CONTINENTAL E NACIONALIDADE: PRINCIPAIS PAUTAS RESIDENCIAIS .....	95
5.4 INDICADORES DE SEGREGACIÓN .....	101
<b>6. ACCESO Á VIVENDA E CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE</b> .....	<b>107</b>
<b>7. CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>113</b>
<b>8. REFERENCIAS</b> .....	<b>118</b>
<b>9. APÉNDICE</b> .....	<b>121</b>
<b>NOTAS DE RODAPÉ</b> .....	<b>135</b>

## **1. INTRODUCCIÓN**

A orientación cara un modelo económico liberal e o enfraquecemento ao que se está vendo sometido o Estado de Benestar nas últimas décadas, agravado pola situación de inestabilidade na que desde finais da década dos 10 está somerxida a economía occidental, representa unha ameaza para os grupos máis febles da nosa sociedade.

Neste contexto faise necesaria unha intensificación da investigación social co fin de identificar focos de desigualdade social, discriminación, segregación e precariedade habitacional entre os eslavóns máis febles, como son os inmigrantes estranxeiros procedentes de países en vías de desenvolvemento.

A comezos do ano 2011, con datos provisorios do Padrón municipal de habitantes, contabilízase na cidade da Coruña a máis de doce mil residentes de nacionalidade estranxeira, o que representa o 5% do total de habitantes no concello.

A pesares de que A Coruña non rexistra os valores de cidades como Madrid ou Barcelona, onde a poboación de nacionalidade estranxeira representa máis do 17%, a evolución experimentada desde o ano 2001 incrementa o interese na realización de estudos sobre o seu proceso de asentamento.

Por outra banda, os estudos realizados até o de agora indican que a pesares de que as cidades do sur de Europa presentan índices de segregación menores, adoitan vir acompañados dunha forte precariedade habitacional.

Desde esta perspectiva, o presente traballo procura (1) examinar os niveis de

segregación residencial das principais nacionalidades no concello da Coruña, relacionándoas coa (2) situación da vivenda proporcionada polo Censo de 2001, sumándose deste xeito aos distintos estudos levados a cabo en diferentes cidades españolas nun intento por establecer pautas de comportamento territorial dos inmigrantes en España.

## **2. CONCEPTO DE POBOACIÓN INMIGRANTE ESTRANXEIRA**

A unidade de análise no presente traballo é a poboación inmigrante estranxeira residente no concello da Coruña. Para unha maior delimitación do concepto, compre establecer unha serie de distincións. En primeiro lugar, no referente á diferenza entre estranxeiros e inmigrantes. Poderíase simplificar, limitándose ás inmigracións internacionais, afirmando que mentres que todos os inmigrantes son estranxeiros, cando menos nun primeiro momento, non todos os estranxeiros son inmigrantes. Este último posúe unha característica engadida á da extraneidade. Trátase da noción dun desprazamento internacional por motivos laborais dun ou máis membros dunha familia. Como contraposición, o concepto de estranxeiro non ten por que supoñer este desprazamento por motivos laborais. Así, o móbil laboral ten un importante significado ao aludir a persoas procedentes de países en vías de desenvolvemento, pertencentes a capas sociais con escasos medios. Tamén pode aludir a traballadores estranxeiros cualificados ou “invisibles” cun nivel de vida alto. Estes últimos serán excluídos da análise.

Por outra banda, é preciso diferenciar entre inmigrantes regulares e irregulares. O termo irregular alude a unha situación conflitiva coa administración. Cabe lembrar que non se trata dunha condición do individuo, senón unha circunstancia relativa e administrativa que depende do sistema arbitrado por cada un dos distintos réximes de extraneidade regulados polo Estado. A efectos do presente traballo, serán tidos en consideración ambos os dous. Obsérvase que a pesares de que as fontes consultadas, tanto o Padrón municipal como o Censo de poboación, tamén recollen información dos inmigrantes

irregulares, a propensión destes a non ser contabilizados impide que as estatísticas oficiais reflectan o fenómeno da inmigración en toda a súa magnitude.

Por último, o campo da investigación non abordará os inmigrantes refuxiados por motivos políticos, limitándose á inmigración por motivos económicos, é dicir, á que se realiza co afán de mellorar o nivel de vida ao proceder de países en vías de desenvolvemento.

En definitiva, a unidade de estudo no presente traballo de investigación é a poboación inmigrante estranxeira procedente de países en vías de desenvolvemento por motivos económicos.

### **3. ACHEGAMENTO AO CONCEPTO DE SEGREGACIÓN ESPACIAL**

#### **3.1 Delimitación do concepto**

O termo segregar fai referencia ao feito de separar e marxinar a unha persoa ou a un grupo de persoas por motivos sociais, políticos ou culturais. Os procesos de segregación poden manifestarse tanto no acceso aos recursos básicos, como propiedade privada, traballo, sanidade, educación ou representación, entre outros, así como noutras facetas como a separación de barrios residenciais nas cidades coa conseguinte conformación de illas urbanas ou “guetos”.

Un claro exemplo de segregación sería a comunmente coñecida como apartheid, baseada no concepto de illacionismo dun grupo racial en particular por parte dun grupo social predominante ou maioritario, ou o sistema de castas da hindú, onde a discriminación prodúcese con respecto á poboación pertencente a un mesmo grupo racial pero que presenta algunhas particularidades sociais e culturais diferenciadas con respecto á poboación dominante; outro exemplo dáse nos Estados Unidos coas persoas de cor negro e as de cor branca. Historicamente se ten asociado a cor da pel negra, certos nomes de persoas ou formas de vestir, con razas desfavorecidas, o que fai que a segregación persista.

Así, o presente traballo centrarase no concepto de segregación espacial, tamén chamada residencial, xeográfica ou urbana definida por Jacques Brun como “distinción espacial entre as áreas de residencia de grupos de poboación que viven dentro dunha mesma



aglomeración” (1994) Esta definición presupón a posibilidade de identificar pautas e patróns territoriais de asentamento asociados a algunha característica particular dos grupos de poboación como o nivel socioeconómico, a relixión ou, para o caso que nos ocupa, a nacionalidade.

### **3.2 Causas da segregación espacial**

A sistematización das causas de segregación espacial presentes na literatura científica proposta por Jordi Bayona i Carrasco (2007) no seu artigo “*A segregación residencial da poboación estranxeira en Barcelona: unha segregación fragmentada?*”, diferencian entre (1) a segregación por motivos socioeconómicos, (2) a segregación por motivos demográficos e (3) a segregación étnica ou “racial”. Cando as dúas primeiras causas non acaban de explicar de forma coherente todas as diferenzas residenciais existentes, afirma, é cando se pode considerar o terceiro factor. Este podería responder igualmente a dous grandes grupos de motivos, (1) procesos endóxenos de agrupación e (2) a situacións de discriminación. O primeiro dos casos fai referencia a procesos internos aos propios grupo que acaban afectando á concentración residencial. Sen embargo, Van Kempen (2007) ten rexeitado este factor ao comprobar que un mesmo grupo nacional presenta diferentes pautas residenciais segundo a cidade europea, considerando as peculiaridades da propia cidade, tales como mercado inmobiliario ou laboral, como factores determinantes. Igualmente, a discriminación é para moitos autores o mecanismo explicativo da segregación e se manifesta nomeadamente no acceso á vivenda.

### **3.3 Efectos da segregación espacial**

Algúns autores sinalan como efectos positivos a apropiación do espazo urbano (Simon, 1998), contribuíndo a mellorar a comunicación entre eles e á creación de negocios étnicos (Murdie y Borgegard, 1998), constituíndose así como “portos de primeira entrada” para os novos inmigrantes, o que facilita a súa adaptación á sociedade receptora.

No que aos efectos negativos se refire, encóntranse menores opcións de integración social, limitando o contacto co resto da sociedade. Así as consecuencias poden darse en diferentes ámbitos, como a adquisición da lingua, acceso ao mundo laboral, acceso a beneficios sociais polo seu descoñecemento, entre outros.

Existe, en definitiva, unha clara relación entre as pautas residenciais e o modelo de integración na sociedade de chegada. Este tense configurado como un dos principais puntos do desenvolvemento teórico sobre a segregación espacial. Esta pode ser considerada como un estadio previo á inevitable integración, ou ben todo o contrario, un obstáculo que a desacelera. Así, Musterd (2003) apunta que non existen probas empíricas, nin motivos evidentes para establecer a relación entre segregación e non integración na sociedade, destacando que a situación onde os grupos con elevadas cotas de segregación residencial ao mesmo tempo encóntranse ben integrados na sociedade, como as clases altas ou os inmigrantes procedentes de países desenvolvidos. Pola contra, unha coexistencia espacial non segregada pode agochar intensos conflitos sociais e situacións de forte discriminación.

Por último, tal e como concibe Peach (1996), un punto chave na avaliación da segregación residencial será o carácter voluntario ou involuntario da mesma. É dicir, se os inmigrantes teñen capacidade de elección residencial ou pola contra se atopen sometidos a esta.

### **3.4 O estudo da segregación residencial**

Os primeiros estudos sobre o problema da segregación espacial dos inmigrantes no espazo urbano proveñen do campo académico norteamericano de principios do século XX, nos traballos desenvolvidos polos estudosos da Escola de Chicago e o que se denominou “ecoloxía humana”, con Robert Park, Ernests Burgees, e Lewis Wirth á cabeza.

No contexto desta cidade norteamericana das primeiras décadas do século XX danse as condicións para que xurdan discursos que conciben o tema da distribución da poboación estranxeira. Así, os procesos de concentración eran considerados un “problema social” e, posteriormente, un problema sociolóxico.

O forte crecemento demográfico, baseado principalmente nos movementos migratorio afroamericanos provenientes do sur de Estados Unidos, así como poboación de orixe europeo, fixo de Chicago unha “mestura de pobos” (Weber, 1995). En paralelo a un forte desenvolvemento industrial e capitalista, xorden movementos obreiros, sindicatos e partidos políticos co fin de defender os intereses dos traballadores, na gran maioría inmigrantes. Pronto as correntes racistas e xenófobas norteamericanas situaron aos inmigrantes no seu punto de mira, cualificándoos de potenciais axitadores.

Neste contexto emerxente xurde na Universidade de Chicago a base do que se constituíu como o movemento de reforma social en Nova York e Chicago. Cara fins do século XIX nacía en Estados Unidos un importante movemento de planificación urbana

inaugurando novas ferramentas de intervención sobre a cidade, que foi acompañada dun desprazamento do eixo de acción do goberno nacional aos gobernos municipais. Así xorden e se desenvolven unha serie de saberes en relación á administración e xestión do social, e diversos estudos sobre as condicións de vida e de habitación das capas máis desfavorecidas da poboación do norte urbano e industrial estadounidense.

Os estudos da Escola de Chicago concibían a segregación residencial como un feito natural do proceso migratorio nun primeiro momento do seu establecemento, como un paso previo á progresiva integración. Así, as pautas residenciais dos inmigrantes pasarían dunha segregación espacial inicial a unha relativa dispersión pola cidade, e este feito, estaría estreitamente ligado ao proceso de integración na sociedade receptora.

Segundo esta teoría, habería unha serie de etapas de integración, que ían desde a (1) inicial competición entre os recién chegados e nativos, (2) o conflito, estruturante das relacións entre os grupos, que desemboca no (3) recoñecemento do novo grupo como grupo étnico, pasando logo á (4) acomodación ás novas condicións que podería derivar nun novo conflito ou ben nunha asimilación final.

Unha boa parte das elaboracións teóricas da escola de Chicago están estimuladas pola preocupación respecto das “taxas apropiadas de inmigración” (Burguess, 1920), que permitan a integración dos novos residentes (aínda que iso se fixera desde unha perspectiva nacionalista e cunha linguaxe bioloxicista que trataba de presentar os problemas e solucións como inscritos no orde da natureza). A partir dos anos corenta, precisamente nos Estados Unidos xorden os primeiros traballos que van desenvolver

indicadores cuantitativos para dar conta de distintos tipos de segregación residencial. Neste sentido, os indicadores desenvolvidos intentaban detectar algunha das situacións que se consideraba un “*ghetto*”. Algúns destes indicadores foron aplicados no presente traballo (ver apartado 4)

En Europa, a preocupación pola segregación residencial da poboación estranxeira é máis recente, data de mediados da década dos setenta. O denominado capitalismo flexible, vinculado ao desenvolvemento tecnolóxico, a deslocalización industrial e os novos modos de organización da produción e o traballo, tivo importantes implicacións en termos de caída da demanda de mao de obra, aumento do desemprego e a precariedade laboral. Neste marco, detivéronse as políticas de recrutamento de inmigrantes en Europa e pecháronse as fronteiras; pero a implementación de políticas migratorias restritivas tivo o efecto non previsto de favorecer o seu establecemento definitivo. Neste momento, a integración dos inmigrantes configúrase como un tema central na política dos Estados.

Nas últimas décadas, e coincidindo cunha maior inquedaanza polos disturbios rexistrados en varias cidades europeas e cun forte compoñente étnico (en París no ano 2005 ou máis recentemente, en varias cidades inglesas en 2011), tense incrementado notablemente os estudos sobre a segregación e concentración da poboación inmigrada en distintas cidades do contexto europeo. Nestes traballos, especialmente nos últimos anos, aparece de modo recorrente o temor á constitución de “*ghettos*” semellantes aos encontrados en cidades norteamericanas.

Neste sentido, aínda que autores como Deurloo y Musterd, 1998; Glebe, 1997; Musterd

y Smakman, 2000; entre outros, sitúan o desenvolvemento do Estado de Benestar como un factor explicativo dunha menor desigualdade social e en consecuencia menor segregación en Europa con relación a Estados Unidos; o seu desmantelamento, acelerado nos últimos anos por mor da crise financeira internacional, introduce maiores interrogantes sobre a evolución futura da segregación residencial en Europa. A orientación cara un modelo económico liberal, redución de prestacións sociais, e as maiores diferenzas nos niveis de renda poden ter consecuencias sobre a poboación procedente de países en vías de desenvolvemento, ao encontrarse máis feble economicamente, e comportar posibles variacións nas súas pautas de distribución que incrementen a segregación residencial que acabe afectando á integración na sociedade, unha vez que se ten asumido, no contexto europeo, unha relación negativa entre ambas (Musterd 2003)

Neste sentido, os estudos realizados nos países do sur de Europa permiten falar duns patróns residencias da poboación estranxeira veñen a contradicir de algún xeito este modelo. O alto grao de propiedade da vivenda no sur de Europa, xunto cun nivel de intervención estatal que de por si é pouco significativo, suxerirían unha situación con altos índices de concentración e segregación residencial, mais os estudos realizados até o momento apuntan noutra dirección. Así, Malheiro (2002) suxire unha serie de pautas de comportamento territorial da inmigración nas cidades do sur en contraposición a situación dos países do Norte e Oeste, como son (1) peores condicións de vivenda, (2) unha maior importancia do acceso á vivenda a través de vías informais, (3) menores niveis de segregación residencial e (4) unha maior “periferización” dos inmigrantes na

cidade.

No contexto español, as investigacións realizadas veñen a confirmar o modelo proxectado por Malheiro, principalmente no que ás condicións da vivenda e os niveis de segregación residencial se refire. Segundo Bayona (2007) a discriminación da poboación estranxeira residente en Barcelona faise máis visible nas dificultades de acceso á vivenda e ás condicións de habitabilidade da mesma que na distribución residencial, introducindo así o concepto de segregación fragmentada.

Aínda que Bayona xa fai referencia ás diferenzas entre nacionalidades, o traballo máis recente de Josefina Domínguez Mujica, Juan Manuel Parreño Castellano, Ramón Díaz Hernández (2010) pon de manifesto a necesidade de matizar o modelo de Malheiro, unha vez apreciadas importantes disparidades en función das (1) cidades, (2) da antigüidade dos fluxos e das (3) distintas nacionalidades.

Neste contexto, tal e como se comentou no apartado introdución, o presente traballo supón unha contribución ao debate sobre as pautas residenciais da poboación estranxeira en España, tanto no referido aos índices de segregación como á dificultade no acceso á vivenda e as condicións da mesma.




#### **4. FONTE E METODOLOXÍA**

Dúas foron as principais fontes de información utilizadas para a realización do presente traballo: o Censo de Poboación e Vivenda 2001, con información desagregada tanto a escala territorial macro (estado), como micro (municipios, distritos e seccións censuais) e a explotación estatística do Padrón Municipal de habitantes que, desde o ano 2004 conta con información desgregada até o nivel inframunicipal.

Para a medición da segregación residencial dos inmigrantes foron aplicados unha serie de indicadores cun extenso uso no ámbito anglosaxón, como o cociente de localización, índice de disimilaridade e a taxa de extraneidade. Tamén se obtivo a evolución dos mesmos indicadores segundo continente e país de procedencia.

Ademais da aplicación destes indicadores, foron consultadas unha serie de variables referentes, nomeadamente, ás condicións da vivenda entre a poboación estranxeira.

Mediante o uso dun software de representación xeográfica da información e co obxectivo de facer máis visible a distribución residencial segundo determinadas variables, foron configurados unha serie de mapas a partir da cartografía a nivel distritos e seccións censuais do concello da Coruña proporcionada polo INE. Na Figura 1 móstrase un mapa coa división da cidade segundo distritos e seccións utilizado ao longo do traballo.



**Figura 1 Mapa da cidade da Coruña segundo distritos e seccións**

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Instituto Nacional de Estadística*

A continuación recóllese a correspondencia de cada un dos distritos cos barrios e rúas da cidade:

**Distrito 1:** Cidade vella, parte da Praza de España, San Andrés, parte da Praza de Pontevedra, Juana de Vega, Praza de Mina, San Agustín, A Mariña, Os cantóns e Orzán.

**Distrito 2:** Panadeiras, parte da Praza de España, Monte Alto, A Torre, Orillamar, Paseo Marítimo ata María Pita, Matadero, Zalaeta, Pedro Barrié de la Maza e Adormideras.

**Distrito 3:** Parte de Juana de Vega, parte da Praza de Pontevedra, Juan Florez, parte baixa da Avda. Finisterre, parte da Ronda de Nelle, Fernández Latorre, Catro Camiños, A Palloza, parte de Xeneral Sanjurjo, Ramón y Cajal e parte da Avda do Exército.

**Distrito 4:** Parte alta da Avda. de Fisterra Estación de San Cristóbal, Joaquín Planells, parte de Ronda de Nelle, Os Mallos, parte de Ronda de Outeiro, San Luis, Vioño, Avda de Arteixo e Sagrada Familia.

**Distrito 5:** Parte da Praza de Pontevedra, Alfredo Vicenti, Fernando Macías, Praza de Portugal, Paseo das Pontes, Manuel Murguía, Calvo Sotelo, Labañou, Cidade Escolar, O Portiño, San Pedro de Visma, Estrada dos Fortes y Os Rosais.

**Distrito 6:** Parte da Ronda de Nelle, Calle Barcelona, Agra do Orzán, parte da Ronda de Outeiro, Entrepeñas, Bellavista, As Conchiñas, A Gramela, Praza do Comercio e Avda. de Fisterra ata Avda. de Peruleiro.

**Distrito 7:** parte de Xeneral Sanjurjo, Os Castros, Castrillón, Segunda fase do polígono de Elviña, Monelos, Barrio das Flores, Matogrande, Zona Gaiteira, O Birloque, San Cristóbal das Viñas, Someso e parte de Martinete.

**Distrito 8:** As Xubias, O Pasaxe, Santa Xema, Palavea, Eirís, Casablanca, Curramontes, A Madosa, Avda de Montserrat, A Regueira e Pedralonga.

**Distrito 9:** Lugar de Elviña, A Zapateira, Mesoiro, Novo Mesoiro, parte de Martinete, Pocomaco, As Rañas, Iglesiasario, Feáns e Polígono de Vío.

**Distrito 10:** A Grela, A Silva, O Ventorrillo, A Moura, Lugar de Cances, Fontenova, Lugar de Bens, Comeanda, Peñamoa, Nostián y San José.

Por último, as investigacións desenvolvidas noutras cidades de España e publicadas na súa maioría revista electrónica de xeografía e ciencias sociais Scripta Nova, conformaron a bibliografía de referencia da investigación.

## **5. SEGREGACIÓN RESIDENCIAL DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA NA CORUÑA**

### **5.1 Cifras de poboación inmigrante de nacionalidade estranxeira**


Se no ano 1996 a taxa de extraneidade na cidade da Coruña a penas acadaba o 1%, no ano 2010 ascendía a un 5% (Táboa 9). A pesares de que as cifras son claramente inferiores ás rexistradas a nivel español (12% no ano 2010), unha análise en detalle por distritos e seccións, tal e como se verá posteriormente, proporcionará taxas de até o 17%. Dalgunha maneira, a irrupción da inmigración internacional nos últimos anos actúa equilibrando a balanza demográfica coruñesa, (na última década veu reducida a poboación de nacionalidade española nun 3,25). Estes movementos inmigratorios, ao contrario dos procedentes doutros concellos da provincia da Coruña e a provincia de Lugo experimentados con anterioridade, presentan un compoñente étnico ao tratarse de poboación procedente do estranxeiro, nun contexto de globalización económica e crecemento da mobilidade cara países máis avanzados.

Lentamente, e desde finais dos anos setenta e principios dos oitenta, España tense incorporado á dinámica inmigratorio presente noutros países desde a finalización da segunda guerra mundial e o establecemento do Estado de Benestar. Esta mesma dinámica, presente tamén nas principais urbes galegas, faise palpable na evolución da poboación estranxeira residente na Coruña na última década.

A singularidade galega da emigración a América desde finais do século XIX, podería

ser a orixe do marcado carácter latinoamericano da poboación estranxeira na cidade (Carmen Lamela, 2005). A diferenza do acontecido no conxunto de España, onde a última década tivo lugar unha “latinoamericanización dos fluxos” (Izquierdo, López de Lera y Martínez, 2002; Domingo y Martínez, 2006), a situación na cidade coruñesa partía dun predominio das nacionalidades latinoamericanas e que, en calquera caso, se viu incrementado. Segundo o Padrón Municipal de Habitantes, o 1 de xaneiro de 2010 as nacionalidades americanas representaban o 57% (Figura 2) dos estranxeiros empadroados na Coruña fronte ao 46% a nivel galego e ao 31% en España (Táboa 10 en apartado 8). Séguenlle en orde de importancia Europa, cun 25,27%, África, cun 11,94% e Asia cun 5,12%.

Cabe destacar o importante incremento rexistrado na poboación de nacionalidade africana, pasando de apenas un 7% en 2000 a un 12% sobre o total de estranxeiros en 2010.



**Figura 2 Composición segundo o agregado continental da poboación**

## **estranxeira na Coruña, 2000-2009**

**Fonte:** *Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Galego de Estatística*

Por nacionalidades (Táboa 1), Brasil rexistra a maior porcentaxe, con 1,320 persoas empadroadas, seguido por Colombia (992), Perú (925), Uruguai (703), Arxentina (554), República Dominicana (465), Venezuela (440), Bolivia (421), Cuba (360), Ecuador (290), Paraguai (188) e Chile.


Como se observa na Figura 3, de entre todas as nacionalidades, a brasileira e, en menor medida a peruana, teñen experimentado un crecemento espectacular recentemente.

Táboa 1

### **Porcentaxe de poboación estranxeira. A Coruña, 2010.**

País	% sobre o total
Brasil	19,53%
Colombia	14,66%
Perú	13,67%
Uruguai	10,39%
Arxentina	8,18%
República Dominicana	6,87%
Venezuela	6,50%
Bolivia	6,22%
Cuba	5,32%
Ecuador	4,28%
Paraguai	2,78%
Chile	1,61%

**Fonte:** *Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes do INE*



**Figura 3 Evolución da poboación estranxeira na Coruña, 1991-2010**

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal do INE



## **5.2 A distribución da poboación de nacionalidade estranxeira segundo barrios da Coruña**

A evolución do número de residentes estranxeiros desde o ano 2001 ata o 2010 (Figura 4) permite entrever unha serie de elementos característicos na cidade da Coruña. En primeiro lugar existe unha (1) *tendencia de crecemento xeneralizada en toda a cidade*. A pesares das diferenzas con relación á porcentaxe de poboación de nacionalidade estranxeira segundo distrito, a evolución experimentada desde o ano 2001 fai entrever un crecemento xeneralizado en toda a cidade. Así, mentres en 2001 só dous distritos (6 e 8) superaban o 2% de estranxeiros sobre o total de residentes, no ano 2011, ningún dos distritos baixaría do 3%, chegando a acadar, algún deles, cifras superiores ao 8%. Por outra banda, existe unha (2) *importante concentración nos barrios céntricos da cidade*: o 67% dos inmigrantes estranxeiros na Coruña residen nos distritos adxacentes 4, 6, 5 e 7, mentres que só nos dous primeiros o fai o 40%.

O distrito 6, é dicir, a zona correspondente coa rúa Barcelona, parte da Ronda de Nelle e a Agra do Orzán, entre outras, rexistra non só o segundo maior número de inmigrantes estranxeiros (2.477), senón tamén a maior porcentaxe destes con relación á poboación total no ano 2010 (8,93%). A xulgar pola evolución experimentada na última década, este predominio tense estendido a distritos limítrofes, en primeira instancia cara o distrito 4 (a parte alta da Avda. de Fisterra, Estación de San Cristóbal e Joaquín Planells, entre outros) que actualmente acolle o maior número de inmigrantes (2,547, isto é, o 7,7% do total de residentes); e en segunda instancia cara o distrito 10 (correspondente á Grela, a Silva, o Ventorrillo, a Moura, lugar de Cances, Fontenova,


lugar de Bens, entre outros) que a pesares de acoller menos inmigración de estranxeiros en termos absolutos (395), no ano 2010 representaba preto do 5% da poboación empadroada no distrito.

O distrito 6 e 4, correspondente aos barrios da Agra do Orzán, Avenida Fisterra ou os Mallos, entre outros, foron construídos nos anos 60 e 70, e que absorberon gran cantidade de inmigrantes procedentes de comarcas rurais da provincia volven a desenvolver, en paralelo ao acontecido nos barrios Trinitat Vella e Ciutat Meridiana-Vallbona de Barcelona (Bayona, 2007), a función de recepción de novos fluxos migratorios. Así, a inmigración internacional, pode acabar reproducindo as pautas residenciais de fluxos migratorios anteriores, onde as características sociodemográficas dos inmigrantes, e a xerarquía socioeconómica dos barrios da Coruña expliquen as pautas de inserción por encima da nacionalidade.

Outro elemento característico resulta da (3) *fragmentación da poboación inmigrante*. A pesares da concentración de inmigrantes en torno aos distritos 6,4,10, no ano 2010 reafirmanse unha serie de barrios emerxentes, como a cidade vella (distrito 1), cun 5,8% de residentes estranxeiros, e a zona das Xubias, o pasaxe e Santa Xema, entre outras, cunha porcentaxe superior ao 5,3%.


Por último, cabe falar dunha (4) *incidencia Media – Baixa en calquera dos distritos a excepción de determinadas seccións censuais*, en comparación con outras cidades españolas, onde os fluxos migratorio teñen maior importancia, rexistrando porcentaxes próximas ao 40% de estranxeiros nalgúns barrios, tal como a cidade vella de Barcelona;

as cifras da Coruña fan entrever unha incidencia Media – Baixa do número de inmigrantes residentes empadroados. Porén, tendo en conta a distribución segundo as seccións que compoñen cada distrito (Figura 5), rexístranse cifras máis altas de concentración de inmigrantes, próximas ao 20% nalgunha delas. Este é o caso da sección 28 e 16 do distrito 4 (con 18% e 15% respectivamente), ou as seccións 11, 21 e 16 do distrito 6, con aproximadamente 13% de residentes estranxeiros. Por outra banda, chama especialmente a atención as cifras rexistradas nunha sección relativamente afastada das principais zonas de acollida como é a sección 10 do distrito 5, rexistrando unha porcentaxe de inmigrantes estranxeiros superior ao 15% (162)



**Figura 4 Mapas da Evolución da porcentaxe de poboación estranxeira segundo distritos; A Coruña**

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de habitantes do INE*



**Figura 5 Mapa do Porcentaxe de poboación estranxeira residente segundo seccións; A Coruña, 2010.**


*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de habitantes do INE*

### 5.3 Distribución segundo agregado continental e nacionalidade: principais pautas residenciais

A distribución da poboación inmigrante estranxeira indica certa hexemonía do continente americano resultado do seu predominio numérico (ver Táboa 10 en apartado Apéndice; **Error! No se encuentra el origen de la referencia.**), pois representa máis do 50% do total de residentes estranxeiros en todos os distritos agás no 8 e no 5, onde a pesar de rexistrar a maior porcentaxe (superior ao 45%), comparte importancia cos europeos comunitarios, que acadan valores do 40% e 33% respectivamente. Igualmente, nos distritos de maior porcentaxe de estranxeiros, é dicir, o 4 e 6, os africanos e americanos representan en conxunto preto do 80% do total.

Por outra banda, na Figura 2 obsérvase o grao de concentración dos estranxeiros segundo agregado continental. Os europeos comunitarios, a pesares de acadar un 16% no distrito 5 e un 14% no distrito 7, a distribución non parece rexistrar grandes concentracións. Agás os distritos 10 e 9 con algo máis do 3%, os restantes rexistran porcentaxes de europeos comunitarios sobre o total de estranxeiros superiores ao 7%.

Con relación aos africanos, o 36% están empadroados no distrito 6 e un 30% no 4. Tendo en conta a proximidade de ambos, poderíase falar dunha concentración do 66% en torno a esa zona. Unha distribución semellante presentan os residentes procedentes de América. Máis do 40% están empadroados nos distritos centrais 4 e 6 (22% e 19% respectivamente), se ben neste caso, o 18% localízase no distrito 7. Unha distribución semellante rexistran os asiáticos, con porcentaxes de 23% e 17% nos distritos 4 e 6, e cunha maior importancia en comparación cos africanos no distrito 7.



**Figura 6 Distribución da poboación estranxeira segundo continente; % en cada distrito, A**

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes do INE*

As diferenzas na distribución resulta máis perceptible segundo a nacionalidade. Neste ocasión foi representado o coeficiente de localización<sup>1</sup> (Figura 7). Este indicador relaciona a proporción de poboación de cada nacionalidade en cada distrito coa proporción no conxunto do concello, e resulta especialmente útil para analizar o grao de concentración. Valores próximos a un indicaría que a maioría dos estranxeiros da nacionalidade en cuestión residirían nun mesmo distrito. Pola contra, valores próximo a 0 indicaría unha alta dispersión.

As nacionalidades europeas comunitarias como Alemaña, Francia ou Reino Unido mostran unha pauta de inserción común, ao estar inseridas en barrios e distritos con maiores niveis socioeconómicos como A Zapateira (distrito 10), a zona do porto (distrito 3), mais tamén na zona vella, como no caso dos cidadáns de nacionalidade alemán.

Os portugueses mostran unha clara pauta de inserción no distrito 8, rexistrando un dos coeficientes de localización máis altos (4,23).


Outras nacionalidades como Senegal e Alxeria mostran unha alta concentración nos distritos 4 e 6, respectivamente, mentres que un grupo de nacionalidades sudamericanas, como Bolivia, Chile e Ecuador, rexistran unha maior concentración en torno á zona vella e a zona do porto (distrito 1 e 3) Tamén de Sudamérica, pero neste caso no distrito 10, os uruguaio rexistran unha maior concentración. Os cidadáns de nacionalidade búlgara presentan unha maior concentración no distrito 2 (Montealto), se ben o número de efectivos non é moi significativo en comparación con outras nacionalidades (115 en



toda a cidade). A representación das nacionalidades restantes caracterízase por unha maior dispersión no municipio.

*Immigración na cidade da Coruña. Integración vs. segregación residencial e espacial*





**Figura 7 Coeficiente de Localización segundo nacionalidade; A Coruña, 2010**

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes do INE*

#### **5.4** Indicadores de segregación

O Índice de disimilaridade<sup>2</sup> (ID) constitúese como un dos indicadores máis axeitados para medir a segregación residencial da poboación. A partir deste indicador obtense unha comparación da distribución de dous grupos de poboación na cidade. Neste caso, entre cada nacionalidade/continente coa poboación de nacionalidade española. Noutras palabras, o ID informa sobre que porcentaxe da poboación da nacionalidade en cuestión debería cambiar o seu distrito/sección de residencia para que a distribución de españois e estranxeiros fose uniforme.

No ano 2010, o ID na Coruña sitúase en 0,23 a escala censual. Estas cifras son lixeiramente inferiores ás de outras cidades españolas (ver Táboa 12 en apartado 8), as cales, analizadas desde unha óptica global<sup>3</sup> son de por si baixas. Circunstancia que, tamén no caso da Coruña, viría a confirmar o modelo residencial da poboación proposto por Malheiro (2002) para as cidades do sur de Europa, en contraposición coa situación detectada nas do norte e centro do continente, onde se producen uns maiores niveis de segregación espacial.

Con todo, a diferenza das principais cidades españolas, o ID rexistra unha evolución á inversa, na medida en que no período 2004-2010, experimentou un incremento de 0,3 puntos ata situarse nos 0,23 (segundo seccións censuais). Esta circunstancia podería estar condicionada polo volume de poboación estranxeira e pola menor antigüidade dos fluxos con relación a outras cidades. Cabe lembrar que a taxa de extraneidade na Coruña ascendía ao 5% no ano 2010, cifra claramente inferior á de calquera das principais cidades españolas, onde a cifra máis baixa sitúase en torno ao 8%.

Isto viría a confirmar a hipótese de Algaba (2003), quen sinalaba que na medida en que os fluxos son incipientes, os valores de segregación son elevados, sen que iso signifique unha situación de segregación estrutural, senón só conxuntural.

Por ese motivo, a análise dos índices de disimilaridade adoitan estar condicionados polo volume da poboación de cada grupo, podendo falar dunha relación inversa entre os valores e o número de individuos. No caso da Coruña, foi detectada unha correlación (-0,68) semellante á de outras cidades españolas (0,65: Bilbao en 2008) entre o tamaño dos colectivos estranxeiros (segundo nacionalidades) e os seus Índices de Segregación.

Adicionalmente, a representación do índice de disimilaridade segundo o tamaño do continxente mediante un gráfico de dispersión (Figura 8) resulta moi esclarecedor da situación de cada nacionalidade, podendo falar da existencia de tres modelos de distribución da poboación estranxeira na Coruña. Por unha banda, once nacionalidades rexistran unha (1) baixa segregación, con valores inferiores a 0,5 no ano 2010 (Francia, Romanía, Rep. Dominicana, Reino Unido, Cuba, Venezuela, Arxentina, Uruguai, Portugal, Perú, Colombia, Brasil e Italia). Trátase de fluxos de inmigrados esencialmente laborais, que co apoio da integración lingüística e unha maior antigüidade no asentamento, mostra un nivel de integración satisfactorio.

En contraste, países como Paquistán, Nixeria, Alxeria, Bulgaria, Ucraína e Polonia rexistran valores de segregación altos (por riba do 0,70). Se ben as diferenzas étnicas, culturais e lingüísticas podería estar detrás destes valores, trataríase de fluxos incipientes que seguindo as teses de Algaba (2003), responde a unha (2) segregación conxuntural propia dunha fase inicial de asentamento.


Só a nacionalidade senegalesa (e en menor medida a chinesa e boliviana) rexistra altos índices a pesares de acadar unha cifra relativamente alta de residentes rexistrados, o que permitiría falar dunha (3) segregación potencialmente estrutural, a expensas da evolución nos vindeiros anos. A inmensa maioría pertencen á etnia wolof dos murids (Mercedes Jabardo Velasco, 2006) cun perfil ocupacional que responde maioritariamente a autónomos ocupados especialmente na venda ambulante. Isto explicaría alta concentración rexistrada no distrito 4 onde se sitúa unha das zonas comerciais da cidade, como é a Rúa Barcelona. Segunda as fontes consultadas, esta etnia comezou a súa chegada a España a comezos dos anos 80 organizados por medio de estruturas relixiosas (Carter, 1997; Diouf, 2000; Evers Rosander, 1998; Guaye, 2001). Trataríanse de organización baseadas nunha rigorosa división de funcións, na que as unidades domésticas funcionan á súa vez como unidades económico relixiosas. Isto explicaría a alta segregación de senegaleses e seu previsible carácter involuntario.

Con relación aos bolivianos e tal e como se ten apuntado en investigacións realizadas noutras cidades de España a propósito dos estranxeiros procedentes de Sudamérica, o relativamente alto índice de segregación podería responder a unha concentración en barrios de nivel socioeconómico medio alto na medida en que o perfil ocupacional está vinculado a tarefas domésticas. Así, a súa residencia estaría na vivenda dos contratantes. Como se observa na Figura 7, a maioría dos bolivianos residen na zona do porto, cun alto nivel económico.

Por último, o relativamente alto índice de segregación da poboación china podería obedecer a unha preferencia residencial onde se sitúan tamén os negocios. Para este colectivo, as pautas de asentamento están moi vinculadas ás redes familiares, polo que a

movibilidade cara outras zonas non estaría tan suxeita a unha mellora da situación socioeconómica como si ocorre con outras nacionalidades.

Por último, cabería falar tamén dun grupo de nacionalidades cunha (4) segregación media tales como Alemaña, Rusia, Marrocos, Bolivia, Paraguai, Ecuador, Chile, Bolivia e China. Con valores que oscilan entre os 0,58 (Ecuador) e 0,70 (Chile).



**Figura 8 Índice de Segregación a nivel de sección censal segundo nacionalidades; A Coruña, 2010**

No que se refire a evolución da segregación da poboación estranxeira, foron calculados os índices de segregación para os anos 2004, 2007 e 2010 segundo continentes e nacionalidades. Tal e como se observa na Táboa 2, a evolución positiva da segregación do total de estranxeiros comentada anteriormente (de 0,20 en 2004 a 0,23 en 2010) responde a un aumento entre os residentes de nacionalidade americana, a pesares de non ser estes os que rexistran os valores máis altos. En concreto, como se observa na Táboa 3, só Arxentina e Colombia rexistran un aumento da segregación. Paralelamente, chama a atención que a arxentina sexa a única nacionalidade que rexistra un descenso no número de residentes e, por riba, de xeito notable. Entre o ano 2004 e o 2010 experimenta un descenso do 39% (pasando de 908 a 554), circunstancia atribuíble aos efectos da crise neste colectivo. Así, o incremento dos índices de segregación teñen ido paralelo á redución do número de residentes, o que permitiría falar dunha tendencia ao agrupamento dos que teñen ficado, probablemente para reducir custos de aloxamento.

Con relación á evolución experimentada polos africanos, cabe ter en conta que o índice segundo distritos rexistra unha tendencia contraria que a rexistrada segundo seccións pasando de 0,38 en 2004 a 0,43 en 2010, o que obedece, posiblemente, a un proceso de expansión do distrito 4, onde rexistra máis concentración, cara o distrito 6, con características socioeconómicas semellantes. É dicir, a pesar de que o índice se reduce en termos de seccións, non se debe tanto á mobilidade deste colectivo cara outras zonas despois dunha mellora económica senón máis ben ao propio efecto do aumento deste continxente.



## Táboa 2

### **Evolución do Índice de segregación segundo agregado continental; A Coruña**

	2004	2007	2010
Africana	0,55	0,56	0,52
Americana	0,21	0,24	0,25
Asiática	0,71	0,60	0,50
Europea (excepto Española)	0,28	0,25	0,23
Total Extranjera	0,20	0,22	0,23

**Fonte:** *Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes*

## Táboa 3

### **Evolución do Índice de Segregación segundo as principais nacionalidades; A Coruña**

	2004	2007	2010	Diferenza de 2004 a 2010
Alemaña	0,75	0,64	0,63	-0,12
Arxentina	0,33	0,35	0,36	0,02
Colombia	0,37	0,39	0,38	0,01
Ecuador	0,64	0,62	0,58	-0,07
Francia	0,67	0,57	0,50	-0,17
Marrocos	0,73	0,62	0,59	-0,14
Reino Unido	0,56	0,44	0,45	-0,11
Romanía	0,79	0,54	0,51	-0,28
Total Unión Europea	0,29	0,26	0,24	-0,05

**Fonte:** *Elaboración propia a partir dos datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes do*

## **6. ACCESO Á VIVENDA E CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE**

Unha análise completa sobre as condicións residenciais dos inmigrantes na Coruña obríganos a valorar, máis alá do proceso de segregación, as características habitacionais deste grupo de residentes. Como temos sinalado na introdución deste traballo, algúns estudos publicados sobre as condicións de vida dos estranxeiros no sur de Europa teñen destacado que ditas condicións son peores que as do conxunto da poboación. Niso inflúen a súa maior exclusión das políticas de vivenda, un menor desenvolvemento do Estado de Benestar, así como o carácter incipiente de moitos dos fluxos migratorios.

O Censo de Poboación e Vivenda de 2001 e a Enquisa Nacional de Inmigrantes 2007, configuráronse como as fontes principais na análise das características da vivenda entre a poboación estranxeira. A este respecto resulta conveniente mencionar unha serie de consideracións. Primeiramente, no referente ao nivel de actualización. A información recollida en ambas fontes resultará unha aproximación á realidade actual, principalmente tendo en conta os posibles cambios na habitabilidade que se puideran ter producido desde o 2001, ano no que realizou o último censo. Por outra banda, a información recollida na Enquisa Nacional de Inmigrantes só resulta representativa a nivel nacional e en menor medida para as Comunidades Autónomas. Aínda que existe un ficheiro cos microdatos da enquisa, os casos correspondentes á cidade da Coruña non son representativos, polo que a súa análise foi omitida, limitándose así á exposición dos datos a nivel galego. En definitiva, as conclusións derivadas da presente análise deberán ser tomadas coa necesaria precaución.

En concreto, foron incluídas as variables de (1) réxime de tenencia e (2) dispoñibilidade de espazo na vivenda.

Con relación á primeira variable, a Enquisa Nacional de Inmigrantes mostra unha clara diferenza entre a tenencia en propiedade dos residentes españois e estranxeiros en Galicia, cunha porcentaxe de 82% e 37% respectivamente. Outro dato a ter en conta é alta porcentaxe de vivendas cedidas a estranxeiras, que acada cifras incluso superiores ás de tenencia en aluguer, o que pode considerarse como un indicador de acceso ás políticas públicas.

#### Táboa 4

#### **Porcentaxe de poboación residente estranxeira e española segundo réxime de tenencia da vivenda; Galicia, 2007**

	Residentes estranxeiros	Residentes españois
Da súa propiedade	36,8	82,5
Alugada	27,3	8,6
Cedida	34,2	8,9
Outras situacións	1,7	

**Fonte:** *Enquisa Nacional de Inmigrantes de 2007*

O Censo de poboación e vivenda reporta cifras semellantes no que ao réxime de propiedade se refire. A diferenza entre españois e estranxeiros en vivendas en propiedade é tamén claro, cunha porcentaxe lixeiramente inferior da aportada pola ENI a nivel galego para os inmigrantes. (30%)

Táboa 5

**Porcentaxe de residentes españois e estranxeiros segundo réxime de tenencia; A Coruña, 2001**

	Españois	Estranxeiros
En propiedade	74,33	31,96
En aluguer	20,16	61,62
Cedida gratis ou a baixo prezo por outro fogar, empresa...	2,20	2,39
Outra forma	3,31	4,04

**Fonte:** *Censo de Poboación e Vivenda 2001*

A propiedade é máis elevada entre europeos comunitarios, americanos e mesmo asiáticos, mentres que o aluguer é máis elevado para os africanos. Estes últimos rexistran igualmente, unha porcentaxe máis baixa de vivendas en cesión, o que pode ser interpretado como un menor acceso ás políticas públicas ou provenientes de organizacións sen ánimo de lucro.

Táboa 6

**Porcentaxe de residentes estranxeiros segundo réxime de tenencia da vivenda e continente**

	Unión Europea	Resto de países de Europa	África	América	Asia
En propiedade	74,24	5,26	13,77	30,61	28,99
En aluguer	20,21	92,11	83,81	65,05	69,57
Cedida gratis ou a baixo prezo por outro fogar, empresa...	2,20	2,63	1,62	2,31	1,45
Outra forma	3,34	0,00	0,81	2,03	0,00

**Fonte:** *Censo de Poboación e Vivenda 2001*

A segunda variable abordada na análise das condicións habitacionais é a dispoñibilidade de espazo na vivenda, o que depende do número de persoas que conforman o fogar e da superficie do inmovible.

Segundo o Censo 2001, a superficie media da vivenda ocupada pola poboación estranxeira era de 81 metros cadrados (Táboa 7), arredor de 5 metros menos que a media de poboación española e de nacionalidade europea, reducíndose no caso dos africanos, americanos e asiáticos a 76, 81 e 82 respectivamente.

